

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 DIRECTOR/A DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CUMES DA TERRA CHA VIII" CONCELLOS DE BEGONTE - RÁBADE - FRIOL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, AO ABEIRO DA ORDE DO 7 DE FEBREIRO DE 2024, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión temporal en réxime laboral de 1 traballador como DIRECTOR do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CUMES DA TERRA CHÁ VIII CONCELLOS DE BEGONTE - RÁBADE - FRIOL ". A contratación está subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego

Ocupación	Nº Postos	Servizo	Duración da Contratación
DIRECTOR/A	1	Obradoiro dual de emprego "Cumes da Terra Chá VIII" Concellos de Begonte – Rábade Friol	9 Meses

As especialidades a impartir serán as seguintes:

- EOCB0208 OPERACIÓNS AUXILIARES DE ALBANELARÍA DE FÁBRICAS E CUBERTAS (BEGONTE – RÁBADE) Nivel 1.
- EOCB0209 OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN (FRIOL) Nivel 1.

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 12 da Orde do 7 de febreiro de 2024.

Formalizarase co persoal seleccionado un contrato, conforme o previsto no Estatuto dos Traballadores e a Orde reguladora da axuda e segundo o artigo 13 do 7 de febreiro de 2024.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Supervisar a dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas abrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade



e Saúde laboral.

- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarase da parte administrativa e de xestión do obradoiro.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

2.- MODALIDADE DO CONTRATO.-

A modalidade do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de persoal directivo do programa de obradoiros duais de emprego, segundo o establecido no artigo 13 da orde de referencia da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo anteriormente mencionado e as retribucións, detallase seguidamente:

Ocupación	Servizo	Xornada
Director/a obradoiro	Obradoiro dual de emprego "Cumes da Terra Chá VIII" Concellos de Begonte – Rábade Friol	Completa. 100%

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

En cumprimento do establecido na orde reguladora das axudas o persoal seleccionárase entre o preseleccionado polo Servizo Público de Emprego, segundo a oferta presentada ao efecto polo Concello de Begonte. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva en función do citado artigo 12 da devandita orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Ocupación	Requisitos específicos
Director/a	

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o



exercicio da función pública.

- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- Estar en posesión da titulación de arquitecto técnico e ter experiencia de 12 meses coa titulación.
- Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego ou o C.A.P. (Curso de Aptitude Pedagóxica). Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, e) do Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- Estar inscrito como demandante ou mellora de emprego na correspondente oficina de emprego.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 12 da Orde do 7 de febreiro de 2024, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos/as deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta. Unha vez remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, publicarase a correspondente lista aos efectos que legalmente proceda, tanto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Begonte e na sede electrónica do Concello de Begonte (<https://begonte.sedelectronica.es/info.0>) e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>.

As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte, no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte](https://begonte.sedelectronica.es/info.0) e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>.

Os/as candidatos/as deberán presentar, unha vez comunicados polo SPEG, e sempre antes do día da selección, na sede electrónica de calquera dos concellos participantes (Begonte, Rábade e Friol) ou presencialmente en calquera dos concellos citados a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou copias autenticadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos (ANEXO I) que non queden debidamente acreditados) obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co D.N.I. ou documento similar que acredite a súa identidade.

A documentación poderá presentarse en copia simple, pero o órgano de selección poderá requirir en calquera momento a documentación orixinal que estime precisa. No caso de detectarse que as copias presentadas non se corresponden co orixinal, e sen prexuízo das responsabilidades que puideran corresponder, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo.



5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Constituirase un Tribunal de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de suplentes. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros. Terán dereito ao cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir cando concorran algunha das causas presentes na vixente lexislación.

Os membros do Tribunal Cualificador valorarán a proba a realizar polos/as demandantes de emprego, así como os méritos debidamente xustificadas polos solicitantes. Quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso da selección. Todo elo sen prexuízo do que poida dispoñer ao respecto o propio órgano de selección, que velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade, así como os aspectos aos que fai referencia a orde reguladora das axudas.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte e na súa páxina web (<http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>) así como confirmar o día, hora e lugar en que se reunirá e terá lugar o comezo da selección.

6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.-

A selección realizarase o vindeiro día **05/12/2024 ás 9:00 horas, na AULA INFORMÁTICA DO EDIFICIO MULTIUSOS** do Concello de Begonte (Fronte a Casa do Concello).

As actividades selectivas terán por finalidade determinar adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e nunha valoración de méritos segundo o procedemento marcado pola instrución de data 15/07/2024 punto 11 que di que a entrevista non será eliminatoria e correspóndelle ó equivalente a 35% (se só se ten en conta a valoración de méritos) e 20% (caso de que se practique algún tipo de proba ademais da valoración de méritos).

a) ENTREVISTA 3.5 puntos

O tribunal en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3,5 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesma e na páxina web.



b) MERITOS 6.5 puntos

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto nas bases, os candidatos/as deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo tribunal.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación e poda corresponder a cada un, en base os seguintes criterios. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

BAREMO

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias autenticadas.

1) *Experiencia profesional/docente máx. 5,00 puntos:*

- Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de **3,00 puntos**.
- Experiencia profesional coa titulación ou na ocupación exixida nestas bases para o posto de traballo: 0,50 puntos por cada 6 meses completos de traballo nos últimos 10 anos ata un máximo de **2,00 puntos**.

A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de traballador/a por conta allea: vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo.
- No caso de traballadores/as autónomo/as: vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

2) *Cursos recibidos máx. 1,00 punto:*

- Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos.
- Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50 puntos.
- Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 1,00 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán



obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou materias integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

3) Coñecementos de lingua galega *máx. 0,50 puntos:*

- Celga 3/equivalente: 0,25 puntos.
- Celga 4/ equivalente: 0,50 puntos

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se retire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte, na sede electrónica do Concello de Begonte (<https://begonte.sedelectronica.es/info.0>) e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/> a efectos de posibles reclamacións durante un período de dous días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

7.- LISTA DE APROBADOS.-

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Begonte (<https://begonte.sedelectronica.es/info.0> e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/> a lista definitiva por orde de puntuación obtida (suma de entrevista persoal e valoración de méritos).

No caso de empate, terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- A puntuación obtida no apartado de experiencia como director/a.
- A puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional coa titulación.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- A persoa de maior idade.

8.-SELECCIÓN E NOMEAMENTO.-

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade. Polo órgano de selección levantarase a correspondente acta e publicarase edicto no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Begonte (<https://begonte.sedelectronica.es/info.0> e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/> no que se ondearan os candidatos por orde da puntuación obtida. Elevarase proposta ao Sr. Alcalde- Presidente, que



procederá a ditar resolución ao respecto e á formalización dos contratos laborais, conforme ao previsto na vixente lexislación.

9.- DISPOSICIÓN FINAL.-

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver a as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e na sede electrónica do Concello de Begonte (<https://begonte.sedelectronica.es/info.0>) ante o Alcalde do Concello de Begonte, de conformidade co descrito na Lei 39/2015, ou un recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e na sede electrónica do Concello de Begonte (<https://begonte.sedelectronica.es/info.0>) de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aprobado o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón de materia.

En Begonte a 19 de novembro de 2024

O ALCALDE

José Ulla Rocha

Alcalde-Presidente do Concello de Begonte

